



# CONCELLO DE MUXIA

Teléfonos: 981. 74 21 17 - 25 28 - 20 01 Fax: 981. 74 22 98

Rúa Real, 35 - C.P: 15124 ( A Coruña )

[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

E-Mail: [correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)

## BANDO

D. Santiago M. Toba Campaña, Alcalde do Concello de Muxía, pon en coñecemento de toda a veciñanza, que está aberto o prazo para presentar solicitudes para realización das fogueiras e grelladas de San Xoán 2024.

O prazo de presentación rematará as **12 horas do día 19 de xuño**.

### Normas para as fogueiras:

- As persoas solicitantes e responsables teñen que ser maiores de idade.
- Zona urbana: o volume de combustible da fogueira non sobre pasará os 3m de perímetro nin 1m de altura.
- Rural: o volumen do combustible da fogueira non sobre pasará os 6m de perímetro/diámetro nin 3m de altura.
- A separación entre as fogueiras, edificios, árbores, vehículos e mobiliario urbano serán como min. de 12m.

### Normas para as grelladas:

- O lume farase sempre sobre unha grella.
- Non se interromperá o habitual paso de peóns nas beirarrúas.

Tanto nun caso coma no outro:

- Haberá xente sempre ao lado do lume. Haberá auga preto.
- Está prohibido botar ao lume pneumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, gases a presión ou similares.
- As persoas responsables teñen que ser maiores de idade.
- Unha vez rematada a fogueira ou grellada, apagarase e deixarse todo limpo.
- Atenderase sempre as indicacións de Policía Local e P. Civil.

O Concello por iniciativa propia ou por instancia do Servizo Provincial de Prevención de Defensa contra incendios forestais, poderán revogar as autorizacións nos casos nos que non sexa posible garantir as medidas de seguridade e prevención de incendios. A autorización non eximirá en ningún caso das responsabilidades por danos e perdas a que houbera lugar no caso que concurra negligencia ou imprudencia.

Muxía, 06 de xuño de 2024

Alcalde do Concello de Muxía